

MOCIÓN DE AER SOBRE CONTRATOS DO CONCELLO

PLENO 26 DECEMBRO 2013. ACTA 21/2013

ANTECEDENTES

Moción presentada polo grupo municipal AER no rexistro xeral de entrada o día 21/12/2013 con número 17876 da seguinte tenor literal:

“Considerando o importante número de contratacións directas sen publicidade, que se executan segundo un procedemento de invitación do que non se coñece máis que os nomes das empresas invitadas; parécenos que en aras da igualdade de oportunidades e en aras da transparencia para evitar que se especule con posibles favoritismos por uns ou outros, deberían adoptarse medidas para que as dúbidas fosen as menos posibles.

No seu día propuxemos un modelo que a ningún dos grupos da Corporación lle pareceu oportuno establecer. Por un lado pretendíase determinar un modelo no que calquera empresa puidera participar, rotando sempre aquelas que presentaran as peores propostas e repetindo invitación ás dúas mellores. Non lles pareceu oportuno. Por outro lado propúñase que sempre se “INFORMARA” aos voceiros de cada grupo (como mínimo) dende o inicio do proceso.

Pois ben, como estamos nun momento de reivindicación da transparencia e todos somos moi transparentes, traemos unha moción que esperamos que lles guste e que PODEN VOTAR POR PUNTOS, para instar ao goberno local a:

- 1.- Creación dunha lista “PÚBLICA” de empresas que queiran traballar para o Concello na que conste a actividade á que se adica ou para a que se oferta.**
- 2.- Establecer como mecanismo invitar ás 5 primeiras de cada sector ou servizo de tal xeito que noutra convocatoria se volva a invitar ás dúas mellores cualificadas e as outras pasen ao final da lista.**
- 3.- Facilitar aos voceiros e publicar na web do Concello os termos exactos que consten na invitación a participar no procedemento (que saibamos que a todos se lles propón o mesmo).**
- 4.- Publicar na web do Concello todas e cada unha das contratacións realizadas onde conste:**
 - Modelo da invitación
 - Propostas presentadas
 - Criterios de adxudicación
 - Resolución da adxudicación
- 5.- Ter sempre, en cada convocatoria, un compoñente de avaliación referido á responsabilidade social corporativa e/ou a unha implicación co ben común.**

VOTACIÓN E ACORDO.-

O Concello pleno rexeita a moción, en votación ordinaria, por vinte votos en contra (10 do PP, 8 do PS de G-PSOE, 2 do BNG) e un voto a favor (1 de AER)